

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	14 de maio de 2020
Duración	Desde as 20:50 ata as 23:12 horas
Lugar	Videoconferencia
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	NON
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. Lucía Pereira González: «Baixa por maternidade»	

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sra. Alcaldesa: Benvidos e benvidas a todos e todas, supoño que estades ben teño, noticias de que así é e iso é unha boa nova, e tamén espero que así sexa ante a veciñanza que nos está escoitando, que hoxe non nos ve dende o salón de plenos pero que si nos ve a través do canal de youtube que o Concello de Salceda de Caselas xunto con outras redes sociais ten activado dende xa fai tempo.

Recordarvos que temos á compañeira Lucía Pereira de baixa por maternidade.

Ides permitirme tamén nesa situación de excepcionalidade que comece cun breve texto falándovos non só a vós senón tamén á veciñanza da situación na que vivimos, as medidas que fomos adoptando durante estes dous meses, coa intención de non só de poñervos ao día a vós e a aos que nos escoitan, senón de que quede recollida en acta. Esta excepcionalidade e esa extraordinariedade da situación que estamos a vivir creo que necesitaba dunhas verbas desta Alcaldesa e de todo o equipo de goberno que traballou arreo, seguramente con acertos e con erros durante esta difícil situación que seguimos a vivir e non sabemos ata cando se vai prolongar. Dicirvos que o Concello de Salceda de Caselas tivo, ata o de agora, un total de dez positivos por coronavirus o que supón un 0,1 % da poboación, dato moi positivo que reflexa o tremendo esforzo realizado sobre todo pola veciñanza e agardo que se siga así, que sigan cumprindo esas medidas chamadas de distanciamento social e que nos ides a permitir que lle chamemos de agora en diante de distanciamento físico. Esta é unha situación excepcional que nos pillou a todos por sorpresa e que esixe unha toma de decisións constante, moitas veces sen a posibilidade de consensualas e que se fai moi difícil para Concellos pequenos coma o noso, que nos vemos tomando decisións moitas veces en solitario co único e impagable asesoramento dos servizos sanitarios do noso Centro de Saúde.

O primeiro que fixemos nesta crise, antes incluso da declaración do estado de alarma, foi constituír o comité de seguimento do COVI-19, un comité que presido que está formado pola Concelleira de Sanidade, polo portavoz do Partido Popular e a Doutora Cristina Pinín, responsable do COVI-19 na nosa zona, dando traslado de cada unha desas reunións ao persoal municipal a través dos seus representantes sindicais. Como



non podía ser doutro xeito a primeira preocupación deste equipo de goberno foron as familias, as persoas, os nosos veciños e veciñas, eses colectivos máis vulnerables, polo que o Concello apostou pola creación dun plan municipal de apoio a familias vulnerables por COVI-19 destinando 43.127 € a adquisición de produtos de primeira necesidade, alimentación, hixiene, limpeza o que se lle sumou a aportación, xa coñecida, do noso veciño Denis Suárez con 5.000 €. Vinte e seis familias tiñamos antes da crise e cincuenta e catro aproximadamente despois, 150 veciños e veciñas afectados por esta crise que agora mesmo atende servizos sociais, unha cifra que vai en aumento día a día. Nun primeiro momento o aprovisionamento das máscaras e dos equipos de protección para o Concello foi sumamente complicado pola escaseza, sabedes que non foi só Salceda, foi a nivel estatal, nese momento centramos todos os nosos esforzos en subministrar ese material á xente de primeira liña, falamos de protección civil, da policía local, servizo de axuda a domicilio, das persoas que traballan nas residencias, do persoal de recollida de lixo. Grazas ao traballo de varias costureiras, as que estamos tremendamente agradecidas, que foron quen de confeccionar máis de 1500 máscaras en un tempo record. Xa dende a semana pasada o Concello adquiriu e repartiu, esta repartindo nesta semana, máis de 12.000 máscaras, 12.600 concretamente, máscaras cirúrxicas homologadas que están a chegar a todos os domicilios garantindo as condicións hixiénicas e sobre todo evitando a mobilidade de moitas persoas e con elo evitando o contaxio. Así nolo aconsellou o comité de seguimento e os servizos sanitarios que forman parte del, e así o fixemos a través de correos, cunha tarifa solidaria que correos creou precisamente para este tipo de repartos.

Outra das medidas adoptadas para a poboación máis vulnerables foi a posta en marcha dun gabinete de psicoloxía que votará a andar en canto a Deputación nos dea o OK á resolución desa liña de axudas, forma parte da liña 2 do Plan Concellos. Primeiro as persoas, pero sen esquecer as medidas económicas que axuden ao noso tecido comercial, ao noso tecido hoteleiro e aqueles autónomos e autónomas que precisan axudas. Uns días despois de declararse o estado de alarma concretamente o 25 de marzo o Concello elaborou o Plan municipal de medidas económicas aprobado por Decreto ese 25 de marzo aprazándose nuns casos e suspendéndose noutros as taxas municipais como as das terrazas, mercados, furanchos, venda ambulante, estando en estudio de viabilidade económica a suspensión da taxa de lixo e de vado durante precisamente este período de peche dos establecementos neste estado nos que estamos a vivir. Traballamos tamén arreo nun proxecto que axude a ese tecido comercial e hostaleiro, é unha iniciativa de futuro, que creemos que realmente impulsa ese sector, este proxecto solvente é unha plataforma de venta online para o comercio e para a hostalería local, creemos que é unha iniciativa de futuro, que se impulsa coa colaboración das dúas asociacións comerciais e que o Concello financiará na súa totalidade.

Neste días tamén estamos a ultimar coa empresa de prevención de riscos a volta ao traballo do cadro de persoal do Concello para que poida realizarse canto antes, nunha xuntanza mantida coa empresa e o delegado sindical de prevención de saúde, Humberto, así o acordamos, facer unha volta con garantías non unha volta precipitada,



elaborando protocolos por cada edificio municipal, que a presa e co cambio de fase non faga que nos aceleremos, preferimos garantir todas as medidas e que o persoal teña todas as condicións sanitarias garantidas, así o decidimos entre todas as partes. Ademais destas medidas foron adoptadas moitas outras que non vou a enumerar hoxe aquí, que demos a coñecer mediante as redes sociais, mediante rodas de prensa, comunicados e teño que agradecer ao equipo de goberno todo o traballo feito, pero quen realmente se involucrou foi a veciñanza, o tecido empresarial, o cadro de persoal, asociacións, a miña inmensa gratitude como xa dixen antes aos servizos sanitarios de Salceda, todos e todas xuntos fixemos, o que eu considero que foi un comportamento exemplar. Así mesmo quixera agradecer tamén o comportamento leal do Partido Popular durante este tempo de crise e agardo que así siga sendo, pola nosa banda creo que sempre intentamos mantervos informados das últimas novidades facéndoos partícipes de algunhas decisións que se tomaron no comité de seguimento. Agradezo como Alcaldesa e creo que o resto do equipo de goberno tamén a actitude colaboradora, creo que entendestes que isto é un problema sanitario non un problema político, que Salceda tiña que saír desta situación unida e así o fixemos, gracias a todos eses colectivos e tamén ao Partido Popular.

Sen máis damos inicio a sesión.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións núm. 2/2020 de 27 de febreiro e núm. 3/2020 de 10 de marzo.

Acta sesión núm. 2/2020 de 27 de febreiro.

Sra. Tourón Domínguez:Boas tardes a todos e todas, na páxina 9 no terceiro párrafo, na sexta liña pon: “ (...)o que se está mirando polo Grupo Partido Popular todos estes meses que leimos de goberno (...)” é que “(...)o que se está mirando polo Grupo Partido Popular todos estes meses que levamos de goberno (...)”.

Sra. Alcaldesa: Na páxina 10, no texto “xa deixou claro o motivo o compañeiro Álex cal era o motivo” repítese dúas veces “motivo” sobra un. Na páxina 37 “A Concelleira Noelia faime unha pregunta sobre que medidas se toman na campaña “Entroido ou besta” lembro que nese pleno din resposta a pregunta de Noelia e sen embargo na acta non figura a resposta. Pide que se incorpore a resposta á acta.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións a acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2020/2 extraordinaria de febreiro; sendo aprobadas por UNUNIMIDADE dos DOCE membros presentes na sesión.

Acta 3/2020 de 10 de marzo.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións as actas, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2020/3 extraordinaria de 10 de marzo, sendo aprobada por ONCE votos a favor (3 MS) (3 PSOE) (5 PP) e UNHA abstención de Ana Cristina Cabaleiro Pérez, por non asistir a esa sesión.

Expediente 819/2020. Transferencia de crédito núm. 1/2020

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 6, En contra: 6,

Sra. Sra. Alcaldesa: Esta transferencia de crédito faise precisa como se recolle na memoria, porque no orzamento municipal de 2019 non viña recollida esta previsión de gasto de intereses e amortización dos diferentes préstamos que tiña este Concello e é necesaria esa dotación de crédito nas partidas do Orzamento deste ano. Sabedes que este orzamento está prorrogado e precisamente ao ser prorrogado e non haber dotado no 2019 a contía necesaria, esas consignacións económicas téñense que aplicar agora.

Esta proposta pasou ao ditame da Comisión Informativa con ditame favorable, conta tamén con informe favorable da Intervención. Nesta Comisión informativa Joaquín solicitou que se incorporara a este expediente o maior do orzamento de gastos das dúas partidas 310 e 913 e tamén solicitou á tesourería o cadro de amortización dos diferentes préstamos para coñecer cal era a situación de cada un deles.

A proposta desta Alcaldía é aplicar as partidas que ceden crédito é que son: Infraestructuras e bens naturais, Outros suministros, Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais da 22699, 48000-48902 familias e institucións sen fin de lucro, que teño que dicir que son partidas que viñan de orzamentos pasados de 2016 para programas específicos, lembro un deles “areola solidaria”, programa moi interesante para reconstrucións de mamas e facer aerola a través de tatuaxes que o ofrecían e que nós financiamos, este plan agora mesmo non está activo polo tanto non se necesita esa dotación orzamentaria e consideramos oportuna que esas partidas cedesen crédito a favor das partidas que necesitan ter crédito para amortizacións e para estes intereses. A decisión é técnica, avalada pola Concelleira de Facenda, Lucía Pereira, que como xa o dicía antes está de baixa, e do que se trata é diso basicamente, onde hai cantidade suficiente para retirar crédito e mesmo así segue quedando partida, axustalas a outras cantidades onde si necesitamos crédito.

Sr. Núñez Troncoso: Estamos antes esta transferencia de crédito, cando menos sorprendente, é preciso sinalar que os orzamentos do 2019 prorrogados para o 2020 se aprobaron a mediados de novembro do 2019, vendo a xustificación deste

transferencia que ven recollida na memoria da Alcaldía, a Alcaldesa antes Concelleira de Facenda, recoñece na propia memoria que a previsión de gastos tanto de intereses coma de amortización dos préstamos non se fixo ben, non se elaboraron ben os orzamentos, pero o curioso é que a amortización do préstamo xa se sabe a 1 de xaneiro de 2019 é máis, sabeo todo o mundo, calquera veciño, calquera entidade, calquera sociedade, sabe perfectamente o que vai a amortizar cada ano de préstamo, para iso está o cadro de amortización e o que hai que facer unicamente é sumar a amortización, ben sexa trimestral, ben que sexa mensual, non hai nada máis. O que quería amosar é a suma dos tres préstamos que hai ou que estaban en vigor no 2019, os tres préstamos que hai no 2019, a suma dos tres, da amortización, son 184.000 € e no orzamento en novembro de 2019 orzamentáronse 97000 € cando este importe de 184.000€ xa se sabe dende fai un par de anos. O mesmo ocorre no 2020, desaparece un préstamo, quedan dous e hai que amortizar 153.000€, no 2019 non sabemos porqué, isto di moito de como se xestiona, como se elaboran os orzamentos neste Concello con este goberno, pois hai un desfase de case 87.000 €, presupostáronse 87.000€ menos respecto ao que se amortizou durante todo o ano. Agora a pregunta é, a que aplicación orzamentaria do 2020 se van a aplicar estes 87000€ que hai de desfase? Imaxínome que a aplicación será a mesma que se leva neste punto, a 11-913, si é así este expediente que estamos a tratar agora non é correcto porque aquí faltan 87000 € que non hai aplicación orzamentaria, non está a aplicada ou non se sabe a onde se vai aplicar tampouco, o que estamos falando neste punto se refire ao 2020, como é un orzamento prorrogado hai unha consignación de 97.000€ pero os préstamos que van a pagar durante todo o ano a amortización é de 153.583€ e repito, iso xa se sabía dende o momento que se formalizan os préstamos a través dos cadros de amortizacións. Volvo a insistir na pregunta, a que aplicación orzamentaria do 2020 se aplica o desfase do 2019 de 87.000€? Si isto que acabo de dicir é grave, máis grave é onde se van minorar as partidas para poder pagar esta diferenza no orzamento de 56.000€ do 2020. 28000€ se van a minorar na conta de pavimentación, reparación de vías públicas, bacheos, asfaltos, camiños públicos, debe ser que como as parroquias están tan ben pois hai que quitar esta consignación desta partida. 21.000 € de medio ambiente, parques e xardíns, reparación de mantemento de sendas, xardíns, etc... 2.316 € a familias e institucións sen animo de lucro, basicamente axudas para emerxencia social, ou sexa buscaron o mellor momento para recortar estas partidas. 8000 € de enerxía eléctrica dos centros educativos.

Sr. Rodríguez Canosa: Boas tardes a todos, dende Movemento Salceda imos apoiar esta transferencia de crédito e simplemente quería aclararlle ao compañeiro do Partido Popular que esta é unha simple transferencia de crédito que se realiza para poder facer fronte a esas amortizacións e que foi elaborada seguindo criterios técnicos da nosa interventora, ela escolleu as partidas orzamentarias. É curioso que cando se debateu o orzamento do 2019 pouca xente se deu conta deste problema como se deu conta agora, e con respecto de que se non imos a investir nas parroquias, creo que os proxectos que se presentaron en pleno e que aprobamos en



pleno e a maior parte do orzamento do Plan Concello vaise ir as parroquias, as obras que son necesarias nas parroquias nas que se inclúen bacheos e esa pavimentación das que falas, polo tanto vamos a apoiar esta transferencia de crédito.

Sra. Tourón Domínguez: Dende o Partido Socialista imos a apoiar esta transferencia de créditos. Dicirlle ao compañeiro do Partido Popular que efectivamente houbo un erro o que estamos intentando agora mesmo é solventar ese erro, creo que non ten máis repercusión que esa, detéctase un erro nun orzamento elaborado polo persoal técnico e trátase de emendalo e isto é o que estamos facendo. Creo que tamén o Partido Popular tivo en exposición pública e para estudar o orzamento e tampouco se deu conta dese erro, que non digo que o teña que facer, pero entendo que a fiscalización tampouco foi entón de todo correcta. Eu creo que non é votar balóns fora nin moito menos, hai un erro, asumimos o erro e intentamos emendalo, emendámolo desta maneira e con esas partidas, por un criterio técnico que politicamente apoiamos, porque consideramos que é o que se debe facer.

Creo que a Sra. Alcadesa xa o mencionou na súa exposición, as partidas que hai para as familias e institucións para fins sen ánimo de lucro, creo que non é lícito ese comentario de que non estamos destinando neste momento cando son unhas partidas, que como xa dixo a Sra. Alcadesa, veñen duns programas do orzamento de 2016 e neste ano non se están executando, co cal non se ía a executar esa parte do orzamento. Volvo a dicir que avalamos esta transferencia de crédito, isto non vai en contra das parroquias nin moito menos, de feito como xa dixo o compañeiro Álex, un porcentaxe moi alto do Plan Concellos, primeira financiamento que vamos a ter da Deputación de Pontevedra vai destinado a asfaltados e pavimentacións e a arranxos de camiños e estradas nas parroquias, sigo insistindo que isto que traemos a pleno é o mellor xeito para que despois se cumpra o orzamento.

Sra. Alcadesa: Para dar resposta ao Concelleiro Joaquín cando preguntaba como imos solventar ese desfase, quedou acreditado que foi un erro cometido no orzamento anterior que se vai emendar con esta transferencia e será emendado no vindeiro orzamento, que xa estamos traballando nel. Repito, non se deixan esas partidas sen crédito, nesas partidas hai crédito suficiente para ceder a estas que non se dotaron presupostariamente e que agora si terán crédito para facer fronte a eses intereses e a e a esas amortizacións.

Sr. Núñez Troncoso: Nós o que propoñemos en vez de minorar esas partidas que agora mesmo son necesarias propoñemos minorar outras que non son necesarias agora mesmo, minorar 10.000 € de gastos xurídicos, que hai consignados no orzamento 40.000€, minorar 23.000€ de gastos de publicidade, propaganda e gastos protocolarios que hai no orzamento máis de 100.000€ e minorar 26.000€ de festexos populares, creo que todo o mundo ten claro que este ano non é para celebrar moitos festexos, esta partida ten en concreto 125.000€ que se minore 26.000€ creo que é

bastante asumible e máis este ano nas circunstancias que nos toca vivir non é unha partida digamos moi necesaria.

Os orzamento que eu saiba ou que saibamos todos quen os elabora é o goberno que non é a oposición, polo que aquí o problema é do goberno, que non fiscalizou ben as contas, porque isto era só unha suma, non había nin que restar nin dividir só sumar, cando son datos fixos dende fai anos, dende que se formalizaron os préstamos, polo tanto non se queiran saír vostedes pola tanxente, son datos fixos que saben dende o primeiro de ano. A intervención que acaba de ter a portavoz socialista e o portavoz de Movemento Salceda contradinse entre eles dous, un di que o problema é da oposición por non fiscalizar as contas e a portavoz socialista recoñece que foi un erro na elaboración das contas, acláranse vostedes ou é que non se xuntan a miúdo? Xa se acabaron as reunión dos venres? Está ben claro que foi unha falta de previsión total, e non é unha conta calquera dun gasto corrente que se orzamenta unha cantidade e é variable durante o ano, aquí son cantidades fixas, polo tanto isto é unha desidia total na elaboración dos orzamentos, e se non se aproban esta emenda que creo que é unha emenda totalmente razoable e sensata, loxicamente o noso voto vai ser en contra e non é porque non queiramos pagar os préstamos que hai que pagalos, senón de onde se minora ese crédito.

Sra. Tourón Domínguez: Simplemente dicir que hai un erro e o asumimos e eu o que si dixen na liña do que dixo o portavoz de Movemento Salceda foi que se a oposición se houberse dado conta no seu momento xa o haberíamos arranxado antes. Por suposto que é o goberno quen ten que elaborar os orzamentos e é a oposición quen pode presentar emendas ou presentar propostas durante ese tempo e non o fixo, agora hai un erro e se subsana, non é necesario darlle máis voltas.

Sr. Rodríguez Canosa: Aclararlle a Joaquín que eu o que dixen vai na liña do que dixo a compañeira Verónica, foi un erro, pero tamén e certo que a oposición non se deu conta deste erro cando se debateu o orzamento de 2019. Insistides en todos os plenos que nos levamos mal, sinto non darche ese pracer pero levámonos ben, as reunións do venres facémolas de xeito telemático e outras de xeito presencial e polo de agora non temos ningún problema.

VOTACIÓN: Sometida a votación a emenda, obtense o resultado de empate, realizada unha segunda votación a emenda, repítese o empate, polo que queda rexeitada a emenda por SEIS votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, e dirimindo o empate o voto de calidade da Sra. Alcadesa, tal e como establece o artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.



Sra. Alcaldesa: Da lectura da proposta seguinte:

“Vista que mediante providencia de Alcaldía instouse a iniciación dun expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a áreas de gasto diferentes.

Visto que se emitiu Memoria de Alcaldía en data 20.04.2020 na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Visto que se emitiu informe de Intervención núm. 2020-0048 polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía.

De conformidade co disposto nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de transferencia de créditos núm. 1/2020, como segue continuación:

1.- Aplicacións que ceden crédito:

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Descrición</i>	<i>Crédito a ceder</i>
1532.210	<i>Infraestructuras e bens naturais</i>	12.000,00 €
1532.22199	<i>Outros suministros</i>	16.000,00 €
171.22799	<i>Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais</i>	8.000,00 €
172.22799	<i>Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais</i>	13.000,00 €
231.48000	<i>A familias e institucións sen fin de lucro</i>	1.316,70 €
231.48902	<i>A familias e institucións sen fin de lucro</i>	1.000,00 €
326.22100	<i>Enerxía eléctrica</i>	8.000,00 €
TOTAL		59.316,70 €

2.- Aplicacións que reciben crédito:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Crédito a recibir
011.310	Intereses	2.854,38 €
011.913	Amortización Préstamos	56.462,32 €
TOTAL		59.316,70€

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. “

VOTACIÓN: Sometese a probación proposta de Alcaldía, obtense o resultado de empate, realizada unha segunda votación da proposta, repítese o empate quedando aprobada por SEIS votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, e dirimiendo o empate o voto de calidade da Sra. Alcaldesa, tal e como establece o artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular , adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de transferencia de créditos núm. 1/2020, como segue continuación:

1.- Aplicacións que ceden crédito:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Crédito a ceder
1532.210	Infraestructuras e bens naturais	12.000,00 €
1532.22199	Outros suministros	16.000,00 €
171.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	8.000,00 €
172.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	13.000,00 €
231.48000	A familias e institucións sen fin de lucro	1.316,70 €

231.48902	A familias e institucións sen fin de lucro	1.000,00 €
326.22100	Enerxía eléctrica	8.000,00 €
TOTAL		59.316,70 €

2.- Aplicacións que reciben crédito:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Crédito a recibir
011.310	Intereses	2.854,38 €
011.913	Amortización Préstamos	56.462,32 €
TOTAL		59.316,70€

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Expediente 736/2020. Ratificación do Decreto núm. 2020-0318 de aprobación do proxecto de obras “Creación dunha área recreativa na rúa Mártires de Sobredo. Fase I”

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcaldesa: Como sabedes este estado de alarma entre outras cousas fixo que se avogaran algunhas das competencias para que algúns procedementos puideran seguir adiante, neste caso aprobamos vía decreto este proxecto, un proxecto de creación dunha área recreativa na rúa Mártires de Sobredo que traemos hoxe a este pleno para a súa ratificación. É un proxectiño que se dividiu en dúas partes, creo que volo fixemos chegar a través de correo electrónico para que tiverades coñecemento del, un espazo novo, un espazo onde os nosos cativos e cativas terán un lugar de lecer, de encontro, para maiores tamén porque estará dotado de mobiliario urbano. Imaxino que tivestes acceso a este proxecto que foi aprobado por Decreto, o quixemos compartir con vos para que tiverades coñecemento del, a intención era precisamente aprobalo canto antes para remitir todos os proxectos da liña 1 do Plan Concellos o máis dilixentemente posible para, unha vez levantado este estado de alarma, comezaran os procesos de contratación o antes posible e que este Concello

tivera xa os orzamentos e os proxectos e as concesión por parte da Deputación para levar a diante neste ano todo este traballo, que será positivo para a economía local, para a reactivación da nosa economía local.

Este proxectiño está pensado para as persoas, na nosa liña de goberno e pensado para poboación infantil. Sabedes que temos diferentes espazos no casco urbano, o máis recente creado na praza da Devesa, pero criamos que nos faltaba un circuíto para aquelas idades comprendidas en 8 e 14 anos. Sabemos que están máis enfocadas ao público máis cativo todas as instalación que temos no Auditorio, na Devesa, na Gándara e na Aragonta, pois este espazo estará concibido para público desa idade. Este proxecto está redactado polo Enxeñeiro Martín Piñeiro Fernández, a proposta é recuperar esa parcela que xa existe fronte ao novo centro de saúde e pensada precisamente para esa franxa de idade, crearanse ademais de espazos axardinados, unha zona cunha tirolina, unha pirámide, isto na primeira fase. Na segunda irá acompañado da creación dun skate de obra, tamén apostamos por unha iluminación ecolóxica, apostamos por esta transición ecolóxica da que se viu falando ata non hai moito, ata que chegou as nosas vidas o COVID, polo tanto, a iluminación neste parque será solar. Dotaremos de bancos, de mesas, de mobiliario urbano, pensado tamén no distanciamento físico que agora mesmo se impón na nosa realidade. Creemos que é un proxecto necesario esta recuperación de espazos para a xente e a realidade que vivimos nos demostra que ten que ser a aposta. Conta cun orzamento total de 39.612,48 nesta primeira fase, había que tráelo a este primeiro pleno para a súa ratificación.

Sr. Rodríguez Davila: Boas noites a todos os veciños e a todos os espectadores que a través de distintos canais nos están a escoitar, grazas pola atención e a paciencia para escoitar un pleno municipal que na primeira vez na historia se retransmite e tamén nós fomos quen de solicitarlle ao goberno que fora quen de transmitirlo en directo xa que inicialmente non era esa a intención.

En segundo lugar quero tamén en nome do Grupo Popular felicitar a compañeira Lucia que fai pouco foi nai, polo tanto as nosas felicitacións. En terceiro lugar tamén quero en nome do Grupo Popular agradecer a todos aqueles veciños que dun xeito ou doutro se levan involucrando nunha solución ante unha situación extremadamente grave como é esta pandemia que estamos a sufrir polo tanto, a todos e cada un deles independentemente da labor que exerceron durante estas últimas semanas e meses como van a seguir facendo nos próximos días, a todos e cada un no seu posto de traballo e alí onde lle corresponda estar, o noso agradecemento e sobre todo a nosa gratitude polo comportamento e pola actitude sempre en axudar aos demais. En cuarto lugar quero tamén agradecer aos compañeiros do noso grupo, como ven dixo a Alcadesa e lle agradezo que nolo recoñeza publicamente a nosa lealdade e o noso comportamento respecto desta situación, simplemente dicir que o noso grupo está actuando do mesmo xeito do que nos gustaría que actuase a oposición se fósemos goberno, creo que é unha mostra do



comportamento leal e sobre todo de esperar a que todo isto pase para poder facer unha valoración da actuación do goberno, aplaudir aquilo no que se acertou e tamén reprochar e criticar e emendar en aquilo que se está errando seguro que algunha cousa non se esta a facer ben. Simplemente dicir que nós seguiremos actuando con coherencia, con responsabilidade e intentando axudar naquelo que se nos pida e tamén aportando as pequenas ideas ou propostas que se nos ocorran, como xa fixemos a través de diferentes medios coas proposta para axudar ao tecido comercial e empresarial, así como tamén a aportación do 30 % do que imos a recibir de aquí a final de ano das aportacións económicas por asistencias a plenos e a comisións, que imos a doar, como digo do 30 % do que imos a cobrar os seis concelleiros do Grupo Municipal de aquí ao final de ano.

Gustaríame aclarar unha cuestión de orde para que a Sra. Secretaria tome nota de que se produciu unha votación fai uns intres onde a Alcaldesa votou a favor da emenda do Partido Popular e iso se fose no Congreso dos Deputados quedaría validado, a Alcaldesa, aínda que foi un erro, votou a favor da emenda do Partido Popular, polo tanto quero que conste en acta que esa emenda foi aprobada porque a Alcaldesa co seu voto xunto cos seis votos dos concelleiros do Partido Popular forman sete votos a favor e cinco votos en contra e polo tanto sinto pero vostede votou a favor e imos a facer unha reclamación, aparte está o vídeo e todos os espectadores que nos están vendo puideron comprobar como a Alcaldesa votou a favor da emenda do Partido Popular, polo tanto, quedou aprobada, e iso si sucedese no Congreso dos Deputados, no Senado ou no Parlamento de Galicia automaticamente quedaría aprobado.

Dito isto si vostede o ten a ben actíveme o tempo para defender o punto.

Sra. Alcaldesa: Non lle vou a activar o tempo porque creo que igual que teño cortesía, porque así é merecido, de exaltar cando vostedes teñen lealdade, o recoñezo sen ningún tipo de problema, tampouco creo que sexa loable pola súa banda ter en conta como se produxo a votación, eu creo que me equivoquei á hora de votar, a Secretaria me corrixiu e enseguida produciuse a unha nova votación. Tamén comecei este pleno dicindo que de era primeira vez que de xeito extraordinario se facía telematicamente e que me anticipaba a pedir perdón e desculpas polos erros e aquelas dúbidas que puideran acontecer durante esta retransmisión, creo que é bastante aceptable e bastante lóxico, ademais houbo unha corrección por parte da Secretaria onde queda claro e se non quedou repítese a votación sen ningún tipo de problema e eu deixo aquí manifesto que o meu voto é en contra da emenda. Repetiuse esa votación para que así quedara claro. Facer sangue dun tema como este non me parece o máis xusto, repito, son quen de coñecer cando a actitude é leal e son quen de coñecer de cando a actitude é tramposa, neste caso non lle podó admitir que ese erro, que ademais considero que o cometín e foi corrixido pola Secretaria coa nova votación se subsanou.



Sr. Rodríguez Davila: Tramposo ningún, vostede insistiu na votación e dúas veces votou a favor, polo tanto eu sinto pero vostede votou a favor independentemente da súa intención, pero insisto se fose no Congreso dos Deputados, no Parlamento de Galicia ou no Senado automaticamente esa votación sería válida, polo tanto eu sinto o seu erro pero aquí ningún é tramposo eu simplemente digo que a votación se produxo e vostede votou en dúas ocasións a favor da emenda do Partido Popular.

Sra. Alcaldesa: A secretaria recolleu en acta a rectificación desa votación e vostedes tomen as medidas que consideren oportunas.

Sr. Rodríguez Davila: O punto do que se está a tratar é a instalación de dous equipamentos no entorno da rúa Mártires de Sobredo, ao carón do futuro Centro de Saúde, polo tanto non estamos a votar pois a creación dese parque, iso sería outra cousa diferente, aquí se está a votar a instalación deses dous aparellos para a utilización por parte dos nosos nenos e nenas, nese sentido o noso grupo vai votar a favor, independentemente de que non estamos moi de acordo co deseño que se fixo no seu momento dese espazo, xa que creo que é moi mellorable o seu deseño e o seu aproveitamento e insisto, o que se está a votar é a instalación desas dúas instalacións lúdicas para os nenos. Polo tanto, nos estamos de acordo en que se instalen todas e máis, para que cada un dos nosos cativos poidan ter máis e melloras instalacións e parques no noso Concello, polo tanto nese sentido o noso voto vai ser favorable.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende o Grupo Municipal de Movemento Salceda somos os promotores deste parque, por medio da Concellaría de parques e xardíns, creemos que é un parque que queda nunha zona de Salceda que é nova e que está quedando moi ben, así o testemuñan os paseos dos veciños neste días de desconfinamento; e que xunto co novo Centro de Saúde, xunto co parque canino, xunto con este parque creo que vai ser unha zona moi apetecible e cando se desenvolva o PERI 2 aínda o será máis. Esperemos que ao lado do Centro de Saúde vaia a segunda galaescola, segunda galiña azul, que o Concello xa ten o proxecto feito e xa temos o terreo a dispor da Xunta de Galicia a través Consorcio de Benestar.

Quería facer un pequeno apuntamento ao respecto do que dixo Santi, eu tamén me sumo ás palabras da Alcaldesa de loar o comportamento que están a ter ante a crise do COVID, pero tamén lle quero dicir que estivemos esperando bastantes minutos a que se incorporaran ao Pleno, tanto el como algún concelleiro do PP, puidemos haber comezado ao Pleno no que había quorum e puidemos non permitir que Santi estivese no Pleno, polo tanto creo que hai que ter un pouco de respecto, son erros, estas primeiras probas coa vía telemática dan este tipo de erros, querer aproveitarse dun erro deste tipo non o deixa en moi bo lugar.

Sra. Tourón Domínguez: Dicir un par de cousas antes de dar o apoio a este punto, dicir un par de cousas sobre as declaracións e a intervención que acaba de facer o compañeiro do Partido Popular, por un lado súmome totalmente á introdución que



fixo a Alcaldesa neste Pleno, tanto ao mencionar a actitude leal do Partido Popular como agradecer á poboación, como ao equipo de traballo, súmome como parte deste Goberno totalmente a esas declaracións e tamén me sumo a estas segundas que fixo con respecto a intervención do compañeiro do Partido Popular sobre o erro da Alcaldesa votando a favor. Eu empecei este pleno na miña primeira intervención dicindo que posiblemente houbera erros, que houbera complicacións pero que cría que todos saberíamos estar á altura e todos saberíamos ser comprensivos. Volvo a dicir o mesmo, creo que podemos ser comprensivos todos e como vai funcionando este pleno pois vai a haber erros técnicos, de feitos xa os houbo, erros de son, erros de todo tipo e creo que todos como representantes de toda a poboación de Salceda debemos ser serios e comprensivos nesta situación.

Dito isto, en canto a defensa deste punto, sumámonos a esta iniciativa, sabedes que é un proxecto máis do Plan Concellos, nesa Liña 1 xa solicitamos outras obras coma o asfaltados de moitas vías, estradas e camiños, tamén a mellora e acondicionamento da escola de Budiño, igual que o equipamento da escola de Vendanova para poñer o servizo de asistencia a persoas e familiares de enfermos de alzheimer, etc... este tamén era un proxecto que consideramos importante para darlle cabida e tamén que tiveran ocio e un sitio os nosos nenos e nenas de 8 a 14 anos, xa que a oferta de Salceda que ata agora estaba moi limitada a nenos de ata 8 anos e creo que é un proxecto importante para nós, para o goberno e para a veciñanza, polo cal o noso apoio totalmente.

Sr. Rodríguez Davila: Logo escoitar a aclaración do portavoz de Movemento Salceda, todos os que nos están vendo a actitude do Goberno xa a comprobaron vostedes agora mesmo fai un momento, como se lle apaga o micro automaticamente, iso tampouco sucede no Parlamento nin no Congreso, onde se lle deixa uns minutos de marxe, aquí a rajatabla. Dende fai uns meses hai un regulamento e automaticamente a Alcaldesa corta o micro para que non se sega debatendo aínda que sexa por un período de 30 segundos ou un minuto, esa é a actitude e a transparencia. En canto ao proxecto o noso voto vai ser a favor, insisto, non porque se estea votando a favor do deseño dese parque, non, se está votando a favor da instalación de dous equipamentos no parque xa deseñado e xa construído nese entorno, polo tanto non hai marxe de manobra respecto do deseño ou da distribución do espazo que alí hai, simplemente se van a instalar dous equipamentos novos, non hai ningún a día de hoxe, so hai uns bancos polo tanto imos a votar a favor desas instalacións, deses equipamentos nese entorno.

Sra. Alcaldesa: Aclarar que non se trata soamente da instalación de elementos, estamos a falar de soleiras, de axardinado, de pavimentación, de caucho, de paneis informativos, de aparca bicicletas, de aparca patinetes, de mesas, de bancos, de fontes de auga, de tirolina, de pirámides, de alumeado solar, alumeado perimetral pola sendas que van ao acceso ata o parque, é un pouquiño máis que dous sinxelos elementos, por iso denominámolo “Fase de creación dunha área recreativa”, un área



recreativa non conleva simplemente a colocación de dous elementos. Precisamente porque non había orzamento suficiente para acometelo na súa totalidade e é un proxecto ambicioso, dividiuse en dous proxectos que xa están elaborados, este e o da Fase II pero que simplemente imos levar neste Plan Concellos a Fase I. Dou lectura ao Decreto seguinte:

“Visto o proxecto de obras denominado “Creación dunha área recreativa na rúa Mártires de Sobredo. Fase I” redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Martín Piñeiro Fernández en data 10.03.2020, cun orzamento base de licitación de 39.612,48€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.874,89€ e o presuposto sen IVE a 32.737,59€.

Visto o informe técnico núm. 2020-070 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2020-0014 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que é necesario aprobar o proxecto de obras denominado “Creación dunha área recreativa na rúa Mártires de Sobredo. Fase I” aos efectos de poder tramitar a solicitude de subvención ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do plan provincial de obras e servizos (Plan Concellos) 2020.

Visto que tras a entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e ao obxecto de frear os posibles contaxios víricos non deben celebrarse as sesións dos órganos colexiados de maneira presencial.

Visto que, en consecuencia, non cabe a celebración de sesión plenaria para a aprobación do sinalado proxecto e que tampouco é posible celebrar as sesións plenarias mediante medios electrónicos, tal e como establece o novo apartado 3 do artigo 46 da LBRL, por estar en fase de implantación a plataforma para a celebración de sesións virtuais, sen que a data de hoxe se saiba cando poderá ter lugar a vindeira sesión plenaria.

Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26



de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Creación dunha área recreativa na rúa Mártires de Sobredo. Fase I” redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Martín Piñeiro Fernández en data 10.03.2020, cun orzamento base de licitación de 39.612,48€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.874,89€ e o presuposto sen IVE a 32.737,59€.

SEGUNDO. Que o Pleno da Corporación ratifique o presente acordo na primeira sesión que se celebre.”

VOTACIÓN: Sometida a votación queda ratificado por UNANIMIDADE dos doce membros presentes nesta sesión, o Decreto núm. 2020-0318 de aprobación do proxecto de obras “Creación dunha área recreativa na rúa Mártires de Sobredo. Fase I”

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o nº 2020-194 de 21 de febreiro ata o nº 2020-387 de 8 de maio.

Queda dado conta dos decretos ditados dende o nº 2020-194 de 21 febreiro ata o nº 2020-387 de 8 de maio.

Moción urxente do grupo municipal do PP para a adopción de medidas sociais e económicas en relación á crise do COVID-19.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 6, En contra: 0,
Abstencións: 6, Ausentes: 0

Ana Cristina Pérez: Boas noites a todos, tamén me sumo ás palabras que antes dixestes de poñer en valor a actitude responsable que nestes momentos están tendo todos os veciños de Salceda, vou proceder a lectura da moción que presentamos onte 13 de maio os compañeiros do PP:

“Moción do Grupo Municipal Popular para a adopción de medidas sociais e económicas en relación á crise COVID-109.

O Grupo Municipal Popular no concello de Salceda de Caselas con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIIVOS

O venres 13 de marzo de 2020 publicouse no DOG o Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se declaraba a situación de emerxencia sanitaria ante a evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 na nosa Comunidade Autónoma, daquela contaba con 7 pacientes ingresados en UCI, 26 en unidades de hospitalización, 79 no domicilio e ningún falecido.

Ese mesmo 13 de marzo, os datos en España eran máis preocupantes: xa faleceran 120 persoas e o número de contaxiados positivos eran 4.209. Esta situación levou ao goberno a declarar o estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020, que entrou en vigor o domingo 15 de marzo.

Agora non é o memento, nin o pleno deste concello o lugar máis axeitado, pero é evidente que a tardanza no peche das fronteiras, a autorización de eventos multitudinarios nos primeiros días de marzo, a indecisión no aillamento dos territorios que contaban ao inicio da crise cun alto número de positivos ou os retrasos e erros derivados da compra centralizada de produtos sanitarios poden ser factores que expliquen que España lidere (a mediados de abril) o ranking mundial de falecidos por habitante. E detrás desas frías cifras hai milleiros de españois que faleceron sen poder despedirse dos seus seres queridos a esa mesma soidade a padeceron tamén no momento do seu soterramento. Dende ese grupo municipal queremos testemuñar todo o noso apoio e solidariedade a esas familias, así como o recoñecemento a todos os profesionais da saúde, dos servizos sociais, da seguridade pública e dos restantes servizos esenciais e a todos os voluntarios que están contribuindo co seu labor a paliar ou minimizar os danos causados por esta pandemia. Por todos eles, agora é o momento da unidade.

A declaración do estado de alarma e a situación de emerxencia sanitaria estableceron a suspensión ou limitación dun número importante de actividades sociais e económicas, así como restricións na mobilidade das persoas (a través do Real Decreto 463/2020) ante o risco para a saúde pública que supón a propagación deste virus.

Todas as Administración debemos traballar coa máxima lealdade e coordinación para implementar dentro do noso respectivo marco competencial medidas que garanten a seguridade e saúde dos cidadáns, así como tamén aquelas que contribúan a

minimizar o impacto económico e social derivado desta crise sanitaria.

E, en primeiro lugar, nós debemos velar porque o noso concello, en función das nosas disponibilidades orzamentarias e persoais, e dado o seu carácter de administración máis próxima ao cidadán, preste a mellor atención posible aos colectivos máis vulnerables, así como aos sectores máis castigados por esta pandemia co obxectivo de que a recuperación económica e social se produza á maior brevidade posible.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Salceda de Caselas, presenta o seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

1. Amosar o pésame desta Corporación ás familias das persoas falecidas durante esta pandemia, así como o noso apoio e recoñecemento a todos os profesionais da saúde, dos servizos sociais, da seguridade pública e dos restantes servizos esenciais e a todos os voluntarios que están contribuíndo co seu labor a paliar ou minimizar os danos causados polo COVID-19.

2. Para reducir o impacto social e económico, o Grupo Municipal Popular de Salceda de Caselas propón as seguintes medidas:

a) Reforzar as partidas orzamentarias en materia de servizos sociais e promoción económica nas contías necesarias para facer fronte aos gastos do COVID.

b) Reforzo da atención, seguimento e subministración de produtos básicos as persoas maiores, dependentes e colectivos vulnerables, e das axudas para gastos de aluguer e entregas de tarxetas de compra para a adquisición de comida en tendas ou supermercados e implantar un sistema de reparto a domicilio dos mesmos naqueles casos que sexa posible.

c) Aprobación dun plan de apoio ás entidades sociais que traballan cos colectivos economicamente máis vulnerables e na loita contra a violencia machista.

d) Reforzo dos servizos de limpeza e planificación diaria das tarefas de desinfección en rúas, edificios públicos, e en particular do mobiliario urbano máis susceptible de propagar o virus. No desenvolvemento destas tarefas solicitarase o apoio da Deputación Provincial.

e) Establecer un Plan Propio a través de subvencións e bonificacións dirixidas aos traballadores autónomos, comerciantes e pequenas e medianas empresas do noso concello co obxecto de concederlle axudas encamiñadas a sufragar os gastos e prexucios causados pola obriga do cese temporal de actividades.



f) Proceder e aprobar as modificacións das ordenanzas fiscais necesarias para eximir a autónomos, PEMES e comerciantes do Concello de Salceda de Caselas do pago de taxas municipais asociados á actividade económica, durante o período no que teñan a obriga legal de permanecer pechados ou sin actividade, como a taxa de terrazas, a taxa do lixo e vados, ao igual que tamén proceder a devolución das partes proporcionais das taxas vencidas á actividade económica que, debido ó Estado de Alarma non se teñan realizado, como a apertura de furanchos.

g) Redución dos tempos medios de pago a provedores, especialmente a autónomos ou pemes.

h) Impulsar o inicio e a tramitación dos expedientes administrativos de contratación de proxectos para este exercicio, así como axilizar os procedementos pendentes de adxudicación co obxectivo de reactivar a actividade económica e blindar o emprego.

i) Nos obras, suministros ou servizos de importe menor adxudicados directamente polo goberno municipal, facer un reparto igualitario das mesmas entre as pemes e autónomos do noso Concello, garantindo desta forma o emprego a cada un deles."

Sra. Alcaldesa: Gustaríame facer fincapé en cada un deses puntos para que coñecerades, creo moitas delas xa as coñecedes, primeiro pola miña exposición inicial, segundo porque se anunciaron en medios de comunicacións a través de redes sociais e tamén fixemos partícipe ao Comité de seguemento de moitas destas decisións e foron trasladadas en tempo e forma ao Partido Popular, pero repito, considero que é importante pararnos en cada unha delas. Tamén teño que dicir que estou en total desacordo coa exposición de motivos, aínda que nas propostas maioritariamente estou de acordo, porque moitas delas xa se levaron a cabo polo tanto non pode ser doutro xeito.

Empezamos polo primeiro punto, amosar ese respecto, ese pésame a todas esas familias que sufriron as mortes dos seus seres queridos, no Concello sabedes moi ben que decretamos ese loito oficial coa baixada de bandeiras dende o primeiro momento que a Xunta o decidiu, nos sumamos a ese loito oficial, máis dunha vez temos amosado o pésame do grupo de goberno por todas as mortes neste tempo, sen que a xente poida sequera despedirse como nos gustaría da xente que temos cerca. E xa falando das medidas económicas e das medidas sociais, no apartado a) falades de reforzar partidas orzamentarias, eu faleivos xa da creación de dous plans, o Plan Municipal de apoio a familias vulnerables para COVID-19 con 43.127€ máis de 5.000 da doazón de Denis Suárez que suman un total de máis de 48.000€, aproximadamente 48100€ que van destinadas a ese apoio a familias vulnerables. Creamos outro plan municipal de medidas económicas aprobados escasos 10 días despois da declaración da alerta, o 25 de marzo, onde non so se aprazaban e se suspendían as taxas municipais de furanchos, terrazas, venda ambulante, senón que ademais se di que estamos estudiando a viabilidade económica doutras taxas como o



lixo e vado. Tamén vos digo que este goberno presumindo de seriedade e de rigor vaise avalar sempre nos criterios técnicos e xurídicos dos profesionais, dos nosos técnicos. Creamos tamén e financiamos esa plataforma de venda online e acordamos no Consorcio do Louro, do que formo parte co resto de Alcaldes e Alcaldesas, o aprazamento deses tributos tanto da auga coma o de saneamento para os veciños e veciñas de Salceda, entendendo dentro este tecido hoteleiro e tecido comercial.

Xa no apartado b) falabades de reforzo, atención e seguimento e subministración de produtos básicos, o noso esforzo foi brutal neste aspecto, dotamos de axudas de emerxencia á poboación que o necesitaba, reforzamos o programas de alimentos, creamos bonos de compra, o reparto a domicilio prodúxose non so de alimentos senón de produtos farmacéuticos a través de protección civil, das tarefas escolares, dos ordenadores, o traballo foi inmenso. Tratéivolo de resumir ao comezo e estou tratándovolo de resumilo agora, pero é moi moi amplo todo o traballo que se fixo para atender a toda esa poboación e a verdade e humildemente, creo que o conseguimos. A atención a ese colectivo, dirixido pola Concelleira de Sanidade e Servizos Sociais, todos os procesos, eu creo que deu resultados moi positivos, así o consideramos dende o equipo de goberno. Seguramente teríamos erros pero vos aseguro que o traballo foi brutal e se transforma ademais nisto, en axudas de emerxencia, en programas de alimentos, en bonos de compra, en repartos a domicilio, na atención personalizada de todos aqueles colectivos que nós a través do departamento de servizos sociais consideramos vulnerables.

Apartado c) aprobación dun plan de apoio ás entidades sociais que traballan cos colectivos economicamente máis vulnerables e na loita contra a violencia machista. Díxenvos tamén que a creación dese gabinete de psicoloxía non so vai a atender estes casos que vivimos na actualidade de COVID-19 e os efectos do confinamento, efectos que creemos que terán resultados negativos na nosa poboación, senón que tamén está destinado a eses colectivos máis vulnerables como as mulleres que sofren violencia de xénero, pero quixemos ir moito máis ala e solicitamos xa dúas subvencións, a subvención da Xunta e a subvención da Deputación, que agardamos que pronto nos sexan concedidas e nos levará a cumprir ese Plan de Igualdade que arrancara en novembro, do que xa adoptamos moitas medidas. É certo que sufrimos un parón con esta situación pero que agora esta financiación nos vai a servir para o asesoramento precisamente destes casos de violencia de xénero.

No apartado d) falabades de planificación de limpeza, outro tremendo esforzo, un tremendo esforzo económico que fixo este Concello para realizar, non só reforzo de espazos públicos, é dicir, desinfección e limpeza nos espazos públicos, senón que falamos de limpeza de contedores, limpeza a primeira hora da mañá de todas as beirarrúas da nosa vila, duplicáronse os servizos de limpeza, desinfectáronse como dicía os espazos nas parroquias, o mobiliario urbano, falamos de marquesiñas. O tremendo esforzo non só persoal senón económico de todas as áreas do Concello verase reflectido nos gastos ocasionados por esta pandemia.



Seguiades falando dun plan propio a través de subvencións e bonificacións dirixidas aos traballadores autónomos, comerciantes e pequenas e medianas empresas, nese apartado e). Por certo, en canto ao apartado anterior en canto a limpeza, recibimos apoio da Subdelegación do Goberno coa limpeza das residencias, un dos colectivos que nós tamén asistimos como Concello a través do voluntariado de protección civil e da nosa propia empresa de limpeza. Asistimos a esas dúas residencias que temos en Salceda para garantir as condicións sanitarias para que non se producise na medida do posible ningún caso de contaxio, axudounos nesa tarefa a Subdelegación do Goberno. Non tivemos resposta de Medio Rural para a desinfección da nosa Vila, das nosas parroquias, foi así solicitado, o Concelleiro Ruben mantivo esa conversa, pero non recibimos resposta. Repito, sumámonos a esta petición de pedirlle á Deputación máis esforzos nestes servizos pero hai outros colectivos aos que é a administración a quen hai que pedirle esforzos, como por exemplo a través de Xunta e de Medio Rural, que me consta que noutros Concellos si a están realizando e si a están facendo. Nese a apartado e) no que falades dun plan propio a través de subvencións e bonificacións dirixidas aos autónomos e comerciantes, falabamos ao principio dese Plan económico aprobado por este Concello onde asumíamos competencias que nin sequera son nosas, para tratar de minimizar ese impacto do COVID-19 nestes colectivos. Falabamos tamén desa plataforma de venta online de comercio e da hostelería, creemos que esas axudas directas teñen que vir doutros organismos, teñen que dotarnos aos Concellos da financiación suficiente para que nós poidamos aportar e ter esa liña directa de subvencións, e por certo, facilitar un pouco os trámites administrativos, que polas queixas que temos dos autónomos e das autónomas está sendo moi complexa a súa solicitude.

No apartado f) falades de proceder e aprobar as modificacións das ordenanzas fiscais, remítome ao apartado que falabamos antes, o noso Plan económico de medidas económicas aprobadas xa contemplan moitas delas. Falades das terrazas, falades de recollida de lixo, de vados, aquí non mencionades os furanchos, eu si que o fixen ao comezo, ademais do aprazamento das taxas da praza de abastos máis a suspensión da venda ambulante.

No apartado g), redución dos tempos medios de pago a provedores, especialmente a autónomos e PEMES, hoxe mesmo acabamos de pagar a relación de facturas do mes de marzo, o noso período medio de pago está agora mesmo en 19,5 días nunca fixemos semellante esforzo para que os nosos provedores, pequenos autónomos e autónomas, aqueles empresarios e empresarias, tiveran pagadas as facturas o antes posible. O departamento de intervención fixo un traballo inmenso porque entendía que nesta situación nós como Concello tiñamos que estar a altura e este é o dato, o período medio de pago son 19,5 días. Teño constancia por outros compañeiros Alcaldes e Alcaldesas que durante esta crise reactivaron os pagos moito máis tarde, nós dende o primeiro momento seguimos pagando a relación de facturas e por iso temos a sorte de ter un período de pago tan pequeno.



Apartado h), impulsar o inicio e a tramitación dos expedientes administrativos, antes tamén facía referencia a isto, os proxectos xa están en marcha, xa están remitidos todos eses proxectos, vos ademais sodes coñecedores diso porque temos que pasalos por sesión plenaria e sabedes todos os que levamos aprobado, o último mediante Decreto desta primeira fase da área recreativa de Mártires de Sobredo, precisamente para avanzar e ter canto antes listos eses proxectos, cando veñan concedidas e cando poidamos retomar eses procesos de contratación arrancaremos o antes posible.

Apartado i), nas obras, suministros ou servizos de importe menor adxudicados directamente polo goberno municipal, facer un reparto igualitario das mesmas entre as PEMES e autónomos do noso Concello. Vense facendo dende fai anos, máis non sempre as empresas queren ou non sempre as empresas poden traballar coas administración públicas, neste caso cos concellos, dende logo vense facendo dende hai anos e o seguiremos facendo. Sabemos tamén cales son as nosas limitacións como administración, como Concello, a nosa capacidade orzamentaria, a nosa capacidade persoal para levar a cabo todas esas medidas, que como vedes levamos implementado. O noso esforzo é tremendo, eu moitas veces digo que nin sequera necesitamos axuda doutras administracións o que necesitamos é financiación, financiación doutras administracións, da xestión xa nos encargamos nós porque ninguén mellor ca nós coñece a necesidade da nosa veciñanza. Competencias supramunicipais, a Xunta considero é quen que ten que organizarse e financiar esas axudas a PEMES, autónomos, así como outras administracións como me consta que está a facer o goberno central. Temos que ter garantías de ingresos, adoptar estas medidas está moi ben pero temos que ter garantías de ingresos precisamente para acometer aquelas medidas sociais que a nós máis nos importan e que poñen ao fronte ás persoas, os veciños e as veciñas de Salceda iso é o que máis nos importa. Repito, este Concello está facendo un tremendo esforzo para levar a cabo todas estas medidas que vos acabo de enumerar e que forman parte das vosas propostas, a verdade e que pensaba que moitas delas xa as coñecíades precisamente por formar parte do comité, igual non é así, e queda a explicación dada, só pretendía dar resposta a todos estes apartados da moción, e agora se queredes algún tipo máis de explicación douvos a quenda de 5 minutos para o debate.

Sra. Pérez Cabaleiro: Rectificar que sí que falamos dos furanchos xustamente no apartado f), ao final dicimos tamén proceder a devolución das partes proporcionais das taxas vencidas á actividade económica que, debido ó Estado de Alarma non se teñan realizado, como a apertura de furanchos, é dicir que si o sinalamos. Tamén recalcar que legalmente supoño que os estudos para eximir estas taxas non serán problema, xa que teñen viabilidade falando de taxas municipais e non referíndonos aos impostos, as propostas que nós fixemos foron coherentes e responsables ademais de ternos fixado en primeiro lugar na súa viabilidade, por iso falamos da taxas municipais.



VOTACIÓN DA URXENCIA: Sometida a votación a urxencia da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos doce membros presentes nesta sesión, pasando de seguido a tratar dita moción.

Sr. Rodríguez Canosa: Sumarme ao que comentou a Alcaldesa, moitas destas medidas que figuran nesta moción presentada, a maior parte xa están feitas, outras intentouse levar a cabo e estase intentando pero haberá que esperar a informes técnicos, e sobre todo que os informe técnicos nos dean a súa viabilidade, e nada máis, a Alcaldesa xa resumiu o nosa posición.

Sra. Tourón Domínguez: A Alcaldesa xa expuxo punto por punto, xa transmitiu todo o traballo do equipo de goberno. Eu si que quería trasladar un par de cousiñas, a primeira é que creo que a veciñanza non a mencionamos neste caso en ningún momento e tamén fixo doazóns e hai agradecerllo, ese esforzo que todos están a facer para axudar a familias máis vulnerables. Entendemos que como administración máis próxima ao cidadán temos que tomar nós estas medidas tamén, pero non quería esquecerme dese agradecemento de veciños, veciñas e empresas que nos apoiaron nesta xestión desta crise que estamos aínda vivindo. Por outro lado a Alcaldesa xa fixo unha exposición completa de todos os apartados, pero si me gustaría agradecer o traballo de todo o equipo de goberno que traballamos man con man todo este tempo. Salientar especialmente tanto o traballo da Concelleira de Sanidade constante en todos estes temas de saúde pública e servizos sociais, ao Concelleiro de Medio Ambiente, tamén xa mencionabades aquí os puntos de desinfección, limpeza, polo traballo feito, e a Alcaldía coordinando todo este traballo e presidindo ese comité de seguimento do COVID-19 e por suposto ao resto de compañeiros e compañeiras que estivemos traballando sen parar todos estes dous meses e medio, con certa difilcultade, por medios telemáticos que a veces non estaban a disposición dende o primeiro día e esforzándonos cada un na súa area por dar resposta as demandas da veciñanza e por suposto, cos nosos erros e cos nosos acertos como lle suceden a calquera goberno. Reforzar o que dixo a Alcaldesa de todos estes puntos, en canto ao tema dos furanchos, aínda non está totalmente decidido se van abrir ou non, depende un pouco de como estea a evolución disto, no últimos días levo falado con algúns deles. Por suposto se non chegan a abrir se lles devolverá a taxa, pero no momento que estamos aínda non é o tempo de tomar esa decisión porque a tomaremos en consenso entre todos os que teñan solicitado a apertura a viabilidade ou non.

Sra. Pérez Cabaleiro: Resaltar que antes dixeches que é a Xunta de Galicia quen ten que tomar medidas, corrixo que hai moitísimas medidas tanto económicas, sociais, culturais, turísticas por parte da Xunta de Galicia, que antes dixeches que eran inexistentes. Unha delas é o adiamento no pago dos ERTES, xa que hai moitas familias prexudicadas neste momento por los ERTES e debido ao impago do Goberno neste momento a Xunta fixo o adiamento dos mesmos. A liña da Xunta de Galicia de aportar liquidez a PEMES e autónomos, o Plan de continxencia social ao igual que tamén as



medias para a recuperación do sector turístico e cultural e tamén o Plan para seguir combatendo a violencia de xénero no que destacan medidas dentro delas de apoio ás mulleres que o poden estar sufrindo no momento do confinamento e moitas outras que non ben ao caso agora mesmo mencionar.

Sra. Tourón Domínguez: Agradecemos dende o equipo do Partido Socialista estas aportacións, si ben é verdade que todas máis ou menos están levadas a cabo, dicir que no caso dos autónomos tamén se estudiou a posibilidade de axuda directa pero tecnicamente non foi viable e o resto das medidas que se tomaron como a plataforma online, a campaña de apoio ao comercio, a de venta a domicilio, etc... foron tomadas en consenso coas dúas asociacións do municipio, tanto a Asociación de Comerciantes e Industrias de Salceda, ACISA, como a da Tabernanova e estamos en continua conversa con todos os sectores para tomar as mellores medidas. Subliñar o que dicía Loli, o período medio de pago a provedores está en 19 días e medio, é un tema importante a subliñar, estivemos facendo todo o traballo que puidemos durante neste máis de dous meses. Contestarlle a Ana Cristina que no tema dos ERTE e na paralización dos ERTES a Xunta de Galicia daría moito que falar pero non chegan os tres minutos. En canto a exposición de motivos da moción, si ben compartimos as medidas o que non compartimos para nada é a exposición de motivos, lealdade como dicíamos ao principio, igual que recoñecemos a lealdade do PP tamén hai que recoñecer ao Goberno da Nación nunha situación excepcional para todos, tomou moitas medidas e fixo un traballo que había que facer e estar ao fronte. Hai que continuar traballando e apoiando para saír entre todos e xuntos e xuntas canto antes desta pandemia.

Sra. Pérez Cabaleiro: En canto ao tema dos ERTES cando queiras podemos debater este tema, Verónica, porque polo menos a Xunta saíu a diante en defensa das familias prexudicadas polo cese temporal de traballo neste caso os ERTES.

Engadir que no primeiro punto na aprobación levantei a man pero non me miraches, en relación a segunda acta nº 3/2020 do 10 de marzo do 2020, eu non votei a favor debido a que non asistín a ese pleno, solo recalcar que o meu voto é a abstención debido ausencia nese pleno.

Sra. Alcaldesa: Repetir e reiterar a miña gratitude a todo o meu equipo de goberno, porque como vos dicía, en todas estas medidas o traballo foi tremendo e aínda que moitas veces, aínda que saian nas fotos Gela e eu nese caso porque somos as que formamos parte do comité de seguimento, durante todo este tempo todo o mundo estivo traballando arreo para que isto saíra a diante, e como o dicía ao principio, vos colaborastes cos vosas aportacións, incluso de non facer polémica con moitas das decisións que podían ser acertadas ou non acertadas, podo estar de acordo como estamos na maior parte das propostas desta moción, porque moitas delas por non dicir todas están ou ben realizadas ou ben en fase de estudio, pero non podemos votar a favor desta moción pola exposición de motivos, procedemos a votación desta



moción.

VOTACIÓN: Sométese a votación a presente moción e esta resulta aprobada por 6 VOTOS a favor do/as Concelleiros/as do PP e 6 ABSTENCIÓNS do/as Concelleiros/as (3) MS e (3) PSOE, adoptando os seguintes acordos:

1. Amosar o pésame desta Corporación ás familias das persoas falecidas durante esta pandemia, así como o noso apoio e recoñecemento a todos os profesionais da saúde, dos servizos sociais, da seguridade pública e dos restantes servizos esenciais e a todos os voluntarios que están contribuíndo co seu labor a paliar ou minimizar os danos causados polo COVID-19.

2. Para reducir o impacto social e económico, o Grupo Municipal Popular de Salceda de Caselas propón as seguintes medidas:

a) Reforzar as partidas orzamentarias en materia de servizos sociais e promoción económica nas contías necesarias para facer fronte aos gastos do COVID.

b) Reforzo da atención, seguimento e subministración de produtos básicos as persoas maiores, dependentes e colectivos vulnerables, e das axudas para gastos de aluguer e entregas de tarxetas de compra para a adquisición de comida en tendas ou supermercados e implantar un sistema de reparto a domicilio dos mesmos naqueles casos que sexa posible.

c) Aprobación dun plan de apoio ás entidades sociais que traballan cos colectivos economicamente máis vulnerables e na loita contra a violencia machista.

d) Reforzo dos servizos de limpeza e planificación diaria das tarefas de desinfección en rúas, edificios públicos, e en particular do mobiliario urbano máis susceptible de propagar o virus. No desenvolvemento destas tarefas solicitarase o apoio da Deputación Provincial.

e) Establecer un Plan Propio a través de subvencións e bonificacións dirixidas aos traballadores autónomos, comerciantes e pequenas e medianas empresas do noso concello co obxecto de concederlle axudas encamiñadas a sufragar os gastos e prexucios causados pola obriga do cese temporal de actividades.

f) Proceder e aprobar as modificacións das ordenanzas fiscais necesarias para eximir a autónomos, PEMES e comerciantes do Concello de Salceda de Caselas do pago de taxas municipais asociados á actividade económica, durante o período no que teñan a obriga legal de permanecer pechados ou sin actividade, como a taxa de terrazas, a taxa do lixo e vados, ao igual que tamén proceder a devolución das partes proporcionais das taxas vencidas á actividade económica que, debido ó Estado de

Alarma non se teñan realizado, como a apertura de furanchos.

g) Redución dos tempos medios de pago a provedores, especialmente a autónomos ou pemes.

h) Impulsar o inicio e a tramitación dos expedientes administrativos de contratación de proxectos para este exercicio, así como axilizar os procedementos pendentes de adxudicación co obxectivo de reactivar a actividade económica e blindar o emprego.

i) Nos obras, suministros ou servizos de importe menor adxudicados directamente polo goberno municipal, facer un reparto igualitario das mesmas entre as pemes e autónomos do noso Concello, garantizando desta forma o emprego a cada un deles.

Moción urxente do grupo municipal do PP para minorar partidas non prioritarias nos orzamentos 2020.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 6,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta da moción urxente do grupo municipal do PP para minorar partidas non prioritarias nos orzamentos 2020.

Sra. Alcaldesa: A moción do Partido popular presentada no día de hoxe e creo que a hora foi entorno ás 13:00, para minorar as partidas non prioritarias no orzamento 2020.

Non considero esta moción urxente por varios motivos que agora vou a expor, antes de proceder a súa votación, non é urxente posto que se poden facer estas aportacións cando traíamos a pleno os orzamentos 2020 que será proximamente, teredes a oportunidade de facelo nese momento, ademais como dixen esta moción entrou hoxe día 14, día da celebración deste pleno entre a unha e dúas da tarde e este equipo de goberno nin sequera tivo oportunidade de pola en común, non conta con informes nin técnicos nin xurídicos que poidan dar certo respaldo a decisión política deste goberno, polo tanto non na consideramos urxente, vamos a proceder a desta urxencia desta moción:

Sometida pola Sra. Presidenta a **votación a URXENCIA desta moción, obtense o resultado de empate, realizada unha segunda votación da proposta, repítese o empate quedando, resultando a urxencia REXEITADA, por SEIS votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e SEIS votos en contra do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as**



do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, dirimindo o empate o voto de calidade da Sra. Alcaldesa, tal e como establece o artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Sr. Núñez Troncoso: Acábase de rexeitar unha urxencia sen que ningún veciño saiba cal era a moción que se presentou, creo que primeiro haberá que expoñela e despois votar a urxencia, creo que ninguén se decatou en que consistía esa moción. Terá que haber unha exposición e despois votar a urxencia, acabamos de debater unha moción que se expuxo primeiro e despois se votou a urxencia, porque agora non se fai o mesmo?

Sra. Alcaldesa: Terá que expoñela cando proceda, votamos a urxencia inicialmente, lin o titular “Moción urxente do grupo municipal do PP para minorar partidas non prioritarias nos orzamentos 2020”, votamos a urxencia, consultamos coa secretaria e que se pronuncie. Repito, lin o titular da moción creo que se entende perfectamente para xustificar a non urxencia, se o queredes consultar coa secretaria e queredes proceder á lectura da moción eu non vou a ter maior problema, o que non vou a admitir e debate porque non a considero urxente, e máis o titular da moción é suficientemente claro para saber do que imos a falar .

Sra. Secretaria: Remítome ao que di o Regulamento de Organización Municipal que literalmente establece que “as mocións urxentes poderán formularse na sesión por escrito ou de viva voz e que de maneira previa ao seu debate ten que votarse a urxencia” polo tanto, á moción si se lle pode dar lectura o que en ningún caso debería facerse é debatela antes de votar a súa urxencia.

Sra. Alcaldesa: Lédea, o que non vou a dar palabras para o seu debate.

Sr. Rodríguez Davila: Efectivamente primeiro haberá que motivar a defensa da moción e logo votala, si ten a ben o goberno aceptala ou non, simplemente dúas cuestións, despois de escoitar a vostede no posicionamento do goberno na defensa da anterior moción e que logo se absteña, bueno, os veciños xa xulgarán as actuacións de cada quen. Unha incoherencia que vostede acaba de dicir fai un momento por un lado di o pago a provedores está en 19 días e pola contra dixo que hoxe acababan de pagar as facturas do mes de marzo.

Sra. Alcaldesa: Santi podes limitarte á lectura da moción que para iso che din a quenda de palabra, vaste a limitar a dar lectura da moción tal e como fixo referencia Berta.

Sr. Rodríguez Davila: A moción que presentamos é simplemente para que tiveran en conta á hora de elaborar os presupostos do ano 2020 que aínda non os temos aprobado e xa estamos en no mes de maio, o que lle propoñemos ao goberno é



simplemente que reduciran en partidas como por exemplo en publicidade e propaganda 40.000 €, en gastos protocolarios 3.000 €, en retribucións básicas de órganos de goberno, é dicir os salarios do goberno municipal en 70.000 €, seguridade social do mesmo 20.000€, festas populares de 40.000€ e tamén en gastos xurídicos e contenciosos 20.000€ en total. O que propón o Grupo popular nesta moción é que se destinen 193.000€ a un plan en investimentos para todo o que levamos falado maioritariamente no pleno de hoxe, que é axudar ás empresas, as PEMES, como tamén ás persoas e a familias que o necesiten, 193.000 € fronte ao plan do goberno municipal que vostede dixo reiteradamente que consta de 48.000€. E por último e para rematar, como así quedou acreditado nos últimos dous meses, no pleno de hoxe tamén así nas redes sociais, como tamén no noso Grupo, nós estamos tendo un posicionamento de moderación, de lealdade, pero xa está ben de que vostedes se voten tantas flores, simplemente digo que os veciños van a ser ao final os que xulguen ao goberno si o fixeron ben ou non o fixeron ben.

Sometida pola Sra. Presidenta novamente a **votación a URXENCIA desta moción, obtense o resultado de empate, realizada unha segunda votación da proposta, repítese o empate quedando, resultando a urxencia REXEITADA, por SEIS votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e SEIS votos en contra do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, dirimindo o empate o voto de calidade da Sra. Alcaldesa**, tal e como establece o artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais. A moción literalmente dí:

“O Grupo Municipal Popular no concello de Salceda de Caselas con arreglo ó disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade Galicia e o conxunto de España está en situación de emerxencia sanitaria.

Desde o pasado 13 de marzo publicouse no DOG o Acordo do Consello da Xunta de Galicia no que se declaraba a situación de emerxencia sanitaria debido a evolución do coronavirus COVID-19 na nosa comunidade autónoma, e a preocupante situación no conxunto de España levou ao goberno a declarar o estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020, o cal entrou en vigor o pasado 15 de marzo.

Nesta situación e ante o risco para a saúde pública que supón a propagación deste virus, abocouse á suspensión e limitación dun número importante de actividades tanto económicas como sociais.



En Salceda de Caselas son moitas as dificultades que xa está afrontando e terán que afrontar tanto as familias como o tecido comercial e empresarial do noso concello, composto por traballadores autónomos, comerciantes e pequenas e medianas empresas, todas elas especialmente sensibles ás consecuencias das restricións da actividade económica e, do mesmo xeito que existe un consenso xeral na nosa sociedade sobre a necesidade de acordar decisións extraordinarias para reducir o impacto da pandemia, estamos convencidos de que ese consenso tamén se estende á necesidade de que todas as administracións públicas tomen medidas para reducir o impacto económico e social derivado desta crise sanitaria co obxectivo de que a recuperación económica e social se produza á maior brevidade posible.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Salceda de Caselas, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De cara a elaboración dos orzamentos do 2020 é fundamental que se teña en conta a situación excepcional que vivimos na actualidade derivada da crise sanitaria do coronavirus, e desde o Grupo Popular de Salceda de Caselas propomos minorar aquelas partidas consideradas non prioritarias como as que expomos a continuación, -ou polo menos, unha porcentaxe significativa das mesmas-, e aplicar eses recursos a áreas sociais (partida 231), ó fomento de emprego (área 241) ou, como xa expuxemos anteriormente, aquelas áreas que axuden a minimizar as consecuencias económicas e sociais no municipio de Salceda.

MINORAR AS SEGUINTES PARTIDAS NOS ORZAMENTOS 2020:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESCRIPCIÓN	CRÉDITO
920.22602	Publicidade -propaganda	40.000,00€
920.22601	Gastos protocolarios	3.000,00€
912.1000	Retribucións básicas. Órganos de Goberno	70.000,00€
912.1600	Seguridade Social. Órganos de Goberno	20.300,00€
338.22610	Festas populares- Festexos	40.000,00€
920.22604	Xurídicos-Contenciosos	20.000,00€
TOTAL		193.300,00€

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogo: ROGO TRANSPARENCIA DATOS COVID19

Sra. Pérez Domínguez: Dende o pasado venres 13 de marzo, Galicia encóntrase en situación de emerxencia sanitaria e, debido a evolución da pandemia no conxunto de España, o goberno declarou o estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020, que entrou en vigor o domingo 15 de marzo.

Atopámonos nunha situación de emerxencia sanitaria na que é fundamental defender o principio de transparencia e libre acceso á información, e o coñecemento actualizado dos datos é crucial para a xestión da crise. Non podemos pasar por alto á rendición de contas escudándonos na situación especial actual.

A transparencia informativa é fundamental, e os salcedenses teñen dereito a toda a información respecto ao virus, como é o rexistro do número de casos activos no noso Concello, dos pacientes en seguimento nos seus domicilios, daqueles pacientes en unidades de hospitalización e pacientes curados, cumprindo estritamente coa Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD).

Tamén resulta primordial informar sobre material de protección e hixiene recibido por administracións como a Xunta de Galicia. Ata o momento, non se deron datos específicos sobre a onde foron destinadas as 3000 máscaras cirúrxicas, nin tampouco que esta administración fixo varios envíos de material no que se incluíron luvas, xel hidroalcohólico, garrafas desinfectantes, pantallas faciais e lixivia, entre outros.

En suma, tamén é importante que os veciños estean informados sobre o material adquirido polo propio Concello ou outras administracións, a onde se deriva dito material e cales son os criterios de reparto, sinalando, unha vez máis, a importancia de que todos os veciños de Salceda teñan acceso ás máscaras, e obviamente, que se garanta ao persoal sanitario, aos traballadores da policía local, voluntarios de Protección Civil, traballadores do SAF, traballadores das residencias de maiores ou traballadores municipais.

Por todo o exposto anteriormente,

ROGO,

Que o Concello aporte todos os datos sobre o covid-19 no noso municipio, tanto de pacientes que son casos activos como os pacientes curados, e tamén sobre a adquisición de material de protección e hixiene.

Sra. Alcadesa: Recollemos ese rogo, pero sinto non estar moi de acordo en moitas das afirmacións que fas. Como dicía ao comezo da miña intervención, o Partido Popular forma parte do comité de seguimento onde se trasladan diariamente non só os casos da área sanitaria de Vigo a que pertencemos, senón os casos do noso Concello. Estes datos son trasladados polo servizo sanitario do noso centro de saúde, Santi é coñecedor e imaxino que vós como compañeiros e compañeiras tamén.



Dende o comezo hai datos sobre todo das hospitalizacións das persoas que están en UCI, das persoas que están illadas en casa, que non deben saír dese círculo, dese ámbito de control para que todos poidamos facer o noso traballo moito mellor, vos estades informados perfectamente. Esta Alcaldesa deu en repetidas ocasións conta dos casos totais no Concello de Salceda de Caselas, curiosamente facilitados polos nosos servizos sanitarios, non trasladados oficialmente polo SERGAS a este Concello. Falabas tamén das máscaras, emitíronse diversos comunicados e notas de prensa onde se facía mención da chega das 3.000 máscaras que inicialmente achegou a Xunta de Galicia a través da FEGAMP despois da solicitude das necesidades que tiñamos, que che aseguro que eran moitísimas máis, fixemos acopio delas para trasladarlle ao noso centro de saúde, ao noso persoal, ao SAF, as residencias, como mencionei ao principio. Eu de verdade creo humildemente que trasladamos todos eses datos, levamos 25 comités de seguimento, en ningún momento ningún membro nin o portavoz do Partido Popular me trasladou esa necesidade. Repito, recollo ese rogo non estando de acordo en gran parte co que dis e farei mas explícito ese pronunciamento que digo que xa se fixo, e que me estraña ademais cando precisamente formades parte do comité de seguimento onde se vos da boa conta eses datos.

Sra. Pérez Domínguez: Eu ao que me refería é a que se faga público aos veciños, a nós obviamente Santi trasladounos esa información, é simplemente que se faga publico aos veciños para que eles coñezan a situación, creo que todos sabemos que houbo unha noticia “bulo” dos casos que había en Salceda polas redes sociais, que comentaban que había 39 se mal non recordo no noso concello, creo que iso tamén se deu un pouquiño a través desa a desinformación que poden ter os nosos veciños.

Sra. Alcaldesa: Comprenderás que eu non son responsable nin este equipo de goberno dos titulares que dan en diferentes medios de comunicación, eu trasladei en varias ocasións a través de entrevistas os caos positivos. O comité dende o comezo entendeu que so se ía a dar ese dato, nin da situación nin evidentemente por protección de datos de cada un dos casos. Vos si que os tiñades. As decisión que se tomaron sempre foron a través do comité e guiados e avalados polos responsables sanitarios neste caso a responsable da zona, Cristina Pinín que é a responsable do COVI-19 da nosa zona.

Rogo: ROGO MEDIDAS DE PROTECCIÓN E HIXIENE ANTE A CRISE DO COVID19

Sra. Valcárcel Bernárdez: Debido a crise sanitaria na que nos atopamos na actualidade, provocada pola pandemia do COVID-19, consideramos prioritario e fundamental establecer un plan que garanta a hixiene e protección dos salcedenses, ademais de garantir de forma segura a progresiva reapertura do comercio local, plan que inclúa as seguintes medidas:



En primeiro lugar, instalar dispensadores de xel desinfectante en diversos puntos da vila, principalmente nas zonas máis concorridas, como pode ser o Mercado Municipal, unha medida que dará tranquilidade tanto ós cidadáns como os propios traballadores.

En segundo lugar, é fundamental que se faga fincapé no uso das máscaras faciais, e ademais que se faga un reparto regular e apropiado para que todos os veciños de Salceda de Caselas teñan acceso ás mesmas.

En terceiro lugar, outra das medidas necesarias e imprescindibles é o reforzo dos servizos de limpeza e planificación diaria das tarefas de desinfección en rúas, edificios públicos, e en particular do mobiliario urbano máis susceptible de propagar o virus.

En cuarto lugar, propoñemos tamén que se estude a posibilidade de establecer un sentido único nas sendas, xa que son os puntos máis habituais para facer deporte e pasear, evitando desta maneira os tropezos entre os peóns e, ademais, así conseguiríamos unha mellor circulación e, sobre todo, maior seguridade e protección entre os viandantes. Por todo o exposto anteriormente,

ROGO,

Establecer un plan que garanta a hixiene e protección dos salcedenses e conseguir maior seguridade na progresiva reapertura do comercio local.

Sra. Alcaldesa: Recollemos o teu rogo e fago unha puntualización, creo que a repetín xa en varias ocasións, levamos repartido 12.600 máscaras entre toda a veciñanza, garantindo as condicións non só hixiénicas senón evitando a mobilidade. Levamos visto outros Concellos facendo o reparto doutra maneira, nós sempre seguimos o aconsellado polos servizos sanitarios, criterios sanitarios que respectamos e que conseguimos que esas máscaras chegaran con esas condicións sanitarias en tempo e forma e evitando a mobilidade no momento no que ese comité estableceu que debía ser, no momento das saídas masivas á rúa. Están chegando nestes días a todos os domicilios, empezamos polas parroquias porque creemos que o criterio tiña que ser de protección a esas persoas máis maiores e con maior dificultade a hora de adquirir máscaras, empezamos polas parroquias e estamos terminando no rural. Non che digo que algún domicilio quede sen reparto, o Concello lles fará chegar dalgún xeito esas máscaras. O que si está garantido a través de Correos é que as condicións hixiénico sanitarias, de redución de mobilidade é democrática en canto a que cheguen a todo o mundo, se cumpran. Grazas e recollemos o rogo.

PREGUNTAS:



Sr. Rodríguez Davila: Remato o que dixen, simplemente xa que vostede me cortou o micrófono, comparándonos con outros Concellos, a verdade é que levamos un mes de retraso. A pregunta é concreta e todo o mundo a vai a entender porque o propio goberno da Xunta, concellos limítrofes, moitas corporacións e entidades privadas e o propio grupo do Partido Popular, a pregunta é si o goberno vai a tomar a decisión de reducir o 25 % do custe anual durante este ano 2020, para adicar eses euros ás necesidades prioritarias dos veciños de Salceda tal como anunciamos o Grupo Municipal do Partido Popular?

Sra. Alcaldesa: O Concello adoptou dous plans un económico e outro social, repito, somos un goberno serio e rigoroso e o noso aval son os informes técnicos e xurídicos, estudaremos todas as posibilidades e daremos conta das decisións tomadas.

Sr. Núñez Troncoso: Que criterios se seguiu para o reparto das máscaras? Porqué non se entregaron en todas as vivendas? E porqué se entregaron onde vive unha persoa 3 e donde viven catro ou cinco tamén se entregan 3? Cal é o motivo?

Alcaldía: O motivo e o seguinte, o Concello as dificultades iniciais que tivo para a obtención de máscaras foron moitas, e cando se fixo cun número suficiente, por certo pagado con fondos propios, esas 12.600 máscaras ao prezo establecido polo Goberno central, consideramos oportuno e ademais así tamén o decidimos no comité de seguimento, que sería unha axuda a aqueles veciños e veciñas para axudar saír a rúa e onde a distancia física non podía estar garantida. Era unha axuda en colaboración con esa veciñanza que ademais nolo tiñan demandado e no momento, no desconfinamento que se produxo, tamén foi acordado polo comité. Remítome sempre ao comité porque é o órgano de toma de decisións, é máis, vostedes tiñan acta de cada un dos comités e entendo que estas respostas que eu estou dando son coñecedoras delas, outra cousa é que pretendan que eu o explicito aquí e de as explicacións ante a veciñanza que me parece do máis xusto, levo feito durante estes dous meses dous meses e medio.

Sra. Pérez Cabaleiro: Debido a crise sanitaria na que nos atopamos, onde material de protección e hixiene que levamos recalando durante toda esta sesión plenaria son esenciais, a miña pregunta é: Canto material de protección conseguiu explicitamente o Concello, sexan máscaras cirúrxicas, luvas, xel desinfectante ou lixivia? Que administracións enviaron material de protección a este concello para facer fronte a crise do COVID-19? Sabemos que a Xunta enviou máis de 3.000 máscaras cirúrxicas igual que outro material de hixiene e protección, pero queremos saber si reclamastes material a outras administración como é neste caso a Deputación de Pontevedra, xa que a súa función é a de colaborar coa xestión da actividade municipal, e dicir cos Concellos.

Sra. Alcaldesa: Fixéronse públicas as chegadas desas máscaras a través da FEGAMP, que era o órgano que facía a distribución previa petición semanal do Concello de

Salceda de Caselas. É certo que nos facíamos un pedido dunhas necesidades que nunca chegaron, contestareiche por escrito, aínda que xa o fixen en nota de prensa con datos concretos de xel, de lixivia, de monos, de gafas e de máscaras que fixeron chegar e coñecidas por todos e polo público, 3000. Ultimamente a Deputación tamén achegou 1000 máscaras máis e dotou unha liña de subvencións precisamente para facer fronte a estes pagos, unha liña específica de subvencións para afrontar a crise do COVID-19. De todos xeitos non teño agora aquí o excel cos datos de toda a mercancía entregada, pero non teño ningún problema en facercho chegar, e repito, o organismo foi sempre a FEGAMP, de feito crearon unha folla de pedido que tiñamos no Concello para realizar eses pedidos de material necesario cada semana, e así o fixemos, e eles entendendo a dificultades que eu tamén entendo porque nós mesmos as tiñamos incluso querendo compralas, víñannos entregándoas en función do que podían ben e certo que era insuficiente, pero tamén comprendemos que cal era a situación.

Sr. Rodríguez Davila: Non é unha pregunta, simplemente é para aclarar, para que quede claro, porque vostede leva toda a noite facendo fincapé no comité de seguimento, quero aclararlle a todos os veciños que nos están escoitando e para que quede constancia en acta, que como ben vostede sabe esas reunións só foron dúas presenciais que asistiu á primeira eu e á segunda o compañeiro Joaquín e mañá se segue en pe haberá a terceira, e todas as demais foron vostede coa Concelleira e coa xefa do centro de saúde de Salceda e vostede o único que fixo, ben feito ademais, é retransmitirse esa acta desa reunión do Comité de seguimento onde nós non participamos, onde nós non votamos nin aportamos nada, xa que foron reunións telemáticas. Polo tanto o que quero deixar claro é existe ese comité de seguimento pero todas as reunión existentes solo dúas foron presenciais as que nós asistimos, a primeira de constitución e unha posterior que asistiu Joaquín, xa que eu por motivos laborais non puiden asistir e mañá, se segue en pé, haberá a terceira. Todas as demais, que son dúas semanais normalmente foron de vostede coa concelleira telematicamente coa Dra. Xefa do Centro de Saúde de Salceda, polo tanto nós só temos constancia do que vostedes acordaron nesas reunións vía telemática ou algunha me consta presencial por parte da Sra. Dra. Vostedes só nos remitiron as actas. Non quero dicir con isto que non esteamos de acordo ou en desacordo con algunha das medidas, o que si quero deixar claro e que nós non participamos presencialmente nesas reunións, polo tanto nós non puidemos aportar nin tampouco votar, non quere dicir que non podemos haber feito doutro xeito as aportacións como fixemos a través doutros medios, simplemente para aclarar.

Sra. Alcaldesa: Quero deixar claro que vostedes formaron parte do Comité no primeiro momento, despois pola necesidade de facelas telefónicas estiveron en algunhas e en outras non, ben é certo que nunca se lle cerraron as portas, en honor a verdade tamén estará de acordo comigo en que cando eu lle trasladaba a acta sempre lle dixen que todas aquelas aportacións, achegas, dubidas, Santi, estou a tu disposición.



Sr. Núñez Troncoso: Espero que me conteste a miña pregunta que aínda non me contestou, qué criterios se seguiron para repartir as máscaras e porqué en vivendas onde so vive unha persoa se entregaron tres e outras onde viven cinco tamén se entregaron tres? E despois as garantías hixiénicas, as máscaras en sobres deixan moito desexar.

Sra. Alcaldesa: Non sei si vostede ten máis criterios que os criterios sanitarios, dende logo se fixo con todas as garantías, creo que lle resposteí a súa pregunta, outra cousa é que non lle guste a miña resposta.

Sra. Valcárcel Bernárdez: Quería saber si dende o Concello se lle repartiu algún material de protección aos comercios da vila, como son máscaras, guantes, xel, si se lle deu algún kit?

Sra. Tourón Domínguez: Se lle comunicou ás dúas Asociacións que si necesitaban material había no Concello e que buscábamos a forma de entregarllo, en ningún caso o solicitaron a pesar de ter varias reunións, si sei que houbo autónomos que se achegaron a recoller máscaras, foron un porcentaxe pequeno pero algún si se achegou.

Sra. Alcaldesa: Engadir á resposta da compañeira Verónica que a Subdelegación do Goberno, cando foi a volta ao traballo, tamén repartiu para aos colectivos tanto de autónomos e autónomas como aquelas persoas que tiñan que voltar a súa empresa durante dous días nas saídas da Vila e nas entrada dos polígonos, no de Porriño e no do Cerquido.

Sr. Núñez Troncoso: Sigo esperando a que me responda, non me respondeu aínda a pregunta que fixen e á reiteración que fixen, os veciños e os que estamos presentes nesta videoconferencia estamos esperando a resposta, lla volvo a reiterar: por que en algunhas vivendas se repartiron tres máscaras vivindo unha persoa e porque noutras vivindo cinco tamén se repartiron as tres? Cree que as medidas hixiénicas en sobres sen ningún tipo de protección dentro dos sobres, foron as adecuadas?

Sra. Alcaldesa: A resposta dinlla perfectamente, os criterios foron os de dotar a toda a poboación, a toda a veciñanza dunhas unidades de máscaras por cada unha das vivendas para as súas saídas e compras en aqueles lugares onde o distanciamento social non era posible, lles aseguro que a veciñanza de Salceda o entendeu perfectamente, porque así mo levan traslado infinidade de veciños. Cal era o noso xesto, cal era o noso esforzo e porqué non se fixo polo padrón e se fixo desta maneira, o obxectivo era facilitar na medida do posible, dentro das nosas posibilidades económicas, máscaras á veciñanza e así se fixo. As medidas sanitarias, non sei si ti coñeces algún protocolo a parte do establecido e das condicións hixiénicas que nos garanten os equipos médicos facendo o traballo como se fixo, nós con toda a boa intención do mundo seguimos os criterios sanitarios establecidos polo



Comité de seguimento do que forman parte os sanitarios do noso Concello, supoño que non o vas a poñer en dubida, non vas a poñer en dúbida os proceso de corentena que sufriron os sobres, nin as condicións hixiénico sanitarias nas que se produxo o ensobrado. Ben e certo que ao mellor non fixemos fotografías nin publicitamos todo ese proceso, porque de verdade non pensamos que era necesario, simplemente pretendíamos axudar á veciñanza e esa foi a intención do equipo de goberno. Lévanme trasladado a gratitude e a verdade nós fixémolo coa mellor intención do mundo e garantido precisamente esas condicións sanitarias e a redución da mobilidade, principios fundamentais que nos recomendaban os sanitarios.

Sr. Núñez Troncoso: Ninguén está negando que o plantexamento inicial non sexa bo, claro que é bo, dubido moito que foran os criterios sanitarios poñer as máscaras dentro dun sobre sen ningunha garantía, dubido que sexa un criterio sanitario, dubido que os nosos sanitarios lle aconsellaran meter as máscaras dentro de un sobres, apareceron abertos uns nalgúns domicilios e despois quedaron outros domicilios sen recibir as máscaras, porque non sei si sabe que hai domicilios sen recibir as máscaras

Sra. Alcaldesa: Os domicilios sen recibir máscaras, algún puntual si se deu, repito o reparto aínda non se rematou, o reparto farase ao largo desta semana, polo tanto si algún domicilio nos quedara atrás, porque non sei si recorda que estamos nun estado de alarma e que o servizo de Correos fixo un tremendo esforzo por facilitarlle esta tarifa solidaria ao Concello, tamén ten reducido o seu persoal, precisamente por esta situación e que se complica o reparto. A veciñanza é comprensiva, asegúrolle que é sumamente comprensiva con esta situación, é comprensiva e agradecida e tamén sabe que si hai algún domicilio ao que non chegan esas máscaras non se preocupen que nolo trasladan e nós dun xeito ou doutro e garantindo as mesmas condicións farémosllas chegar. Se ten constancia de algún simplemente mo ten que dicir.

Sr. Núñez Troncoso: Polo padrón poderíase comprobar o número de persoas que viven en cada vivenda, non ten moito sentido nunha vivenda onde vive un soa persoa entregarlle tres e outra vivenda onde viven cinco entregarlle tamén tres, cando esa información a temos polo padrón. Non sei porque non se fixo así, a verdade, nos estamos de acordo na medida que se tomou pero o fin non é o que é.

Sra. Alcaldesa: Fixéronse reparto de máscaras de moitas formas que prefiro non mencionar neste pleno, o meu obxectivo e o noso esforzo é moito e seguro que o voso tamén para por encima pormos aquí a discutir sobre estas cuestións. Eu o que vos pido é que si tedes algunha aportación ou algunha idea de mellora que podamos sumar, como dixen esta é unha crise sanitaria non política, temos que saír reforzados, saír xuntos dela e si tedes aportacións que facer esta Alcaldesa e todo o equipo seguro que se acollera sempre e cando sexan boas para a veciñanza evidentemente, repito nos estamos abertos a todo.

Sr. Núñez Troncoso: Nós lle estamos facendo unha aportación positiva, unha



aportación positiva é que se siga co reparto da máscaras pero que como organismo oficial que é ten acceso a un padrón e por ese padrón sabe perfectamente os veciños que viven en cada casa o que non ten sentido, volvo a insistir, porque se repartiu o mesmo número de máscaras independentemente do número de veciños que viven en cada vivenda, non ten sentido.

Sra. Alcaldesa: Outros utilizaron outros criterios, ese foi o criterio do noso equipo de goberno, facerlle chegar en número de tres as máscaras a cada vivenda para facilitar, todo o mundo vai ter que comprar máscaras no seu día a día, Joaquín, este concello pretendía facilitar e así o conseguiu.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

